



RAGC/ REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS



RAGC/
REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS



Día da Ciencia en Galicia

Programa

Benvida e apertura do acto

Medallas de Investigación RAGC

- Medalla Ánxeles Alvariño González
- Medalla Isidro Parga Pondal
- Medalla Domingo García-Sabell Rivas
- Medalla Enrique Vidal Abascal
- Medalla Antonio Casares Rodríguez

Homenaxe a Fernando Calvet i Prats

- Vídeo homenaxe
"Fernando Calvet i Prats. Modernizador da Química e pioneiro da industria farmacéutica en Galicia"
- *"Unha semblanza da actividade científica de Fernando Calvet"*
Manuel Freire Rama,
catedrático de Bioquímica e Bioloxía Molecular
da Universidade de Santiago e académico da RAGC
- Intervención do Presidente da RAGC,
Prof. Dr. D. Juan Manuel Lema Rodicio

Peche do acto

8 de outubro de 2025 | 12 horas

Salón Nobre do Colexio de Fonseca
Santiago de Compostela

Día da Ciencia en Galicia

Entrega das **Medallas de Investigación**
da Real Academia Galega de Ciencias

Homenaxe a
Fernando Calvet i Prats
Científico Galego do Ano



RAGC/
REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS

Día da Ciencia en Galicia

Xunto a Ramón Obella e Francisco Rubira **fundou en Vigo o Instituto Bioquímico Miguel Servet**. Dedicouse principalmente a estudar métodos de conservación, análise e extracción do caruncho do centeo para obter alcaloides, base do Pan Ergot, indicado para afeccións como a migraña e o glaucoma.

Ao comezo da Guerra Civil foi destituído como catedrático e exiliouse en Estocolmo, onde traballou co Premio Nobel Von Euler. Posteriormente incorporouse á Facultade de Medicina de Edimburgo, colaborando con Barguer. En 1938 negociou coas autoridades franquistas a súa volta, pero ao entrar en España foi preso en Tui. Ao saír da prisión participou na creación dos laboratorios Zeltia do Porriño, dos que é nomeado director científico. **Baixo a súa dirección, Zeltia patentou nun ano máis de dez especialidades farmacéuticas.**

En 1944, reposto como catedrático, foi destinado á Universidad de Salamanca. Despois pasou pola de Oviedo e logo pola de Barcelona, na que creou un importante grupo de investigación e colaborou como asesor con varias empresas farmacéuticas. Neses anos tamén estivo no Brooklyn Polytechnic Institute e **na Universidade de Nova York, onde estudou o metabolismo das células hepáticas**. En 1973 realizou a tradución da *Bioquímica* de Lehninger, que se converteu nun dos textos máis populares desta disciplina en España.

De ideas liberais, tiña unha manifesta simpatía polos sectores galeguistas da universidade. Na USC, ademais de **loitar pola integración das mulleres na docencia**, achegou un aire europeo, tanto na relación co alumnado como na incorporación do deporte. Apostou pola sociabilidade universitaria, a través da organización de xornadas de té, música e excursións. En 2017 realizouse unha película sobre a súa vida: *Os fillos do sol*.



FERNANDO CALVET I PRATS

Modernizador da química e pioneiro da industria farmacéutica en Galicia

CIENTÍFICO GALEGO 2025

Nado en Vilafranca del Penedès (Barcelona) en 1903.

Iniciou a súa formación en Química na Universitat de Barcelona, onde tamén comezou a súa carreira docente en 1923. Dous anos despois recibiu unha bolsa para traballar en Oxford con Chataway, un dos poucos químicos orgánicos ingleses ben relacionado coa escola alemá de Von Baeyer, daquela a mellor do mundo. En 1927 **obtivo o grao de Doutor en Oxford** e en 1928 o da Universidad de Madrid.

En 1929, con apenas 26 anos, gañou a cátedra de Química Orgánica da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago (USC), neses momentos cunha escasa tradición docente e investigadora no eido das ciencias experimentais. Pouco despois recibiu unha bolsa da Fundación Rockefeller para traballar en Múnic co Premio Nobel Heinrich Wieland. De volta en Santiago, en 1930, **montou o primeiro laboratorio de Química Orgánica da USC** e creou un grupo de investigación pioneiro.